



CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

No DOG do 18/09/2024, publicouse a Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.

De conformidade co establecido nesta Resolución realizarase proximamente neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR**, que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do instituto.

A organización e supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O director do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un alumno ou alumna.
- Unha persoa representante do persoal de administración e servizos.

As catro últimas persoas serán designadas por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1998, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG nº 156, do 9 de agosto de 1996). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo **18 de outubro, ás 09:30 horas na Secretaría.**

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas diferentes **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Ferrol, 11 de outubro de 2024

O director,
Asdo.: Jesús Mª Máiz San Martín